

## O aire rodéanos


O aire está en todas partes e ocupa todo o espazo dispoñible. Isto pódelo comprobar cando inchas un globo. O globo é elástico e ao introducir aire nel, como este ocupa toda a superficie, o globo ínchase cada vez máis.



### Fai, proba e observa

#### Material:

- 1 barreño
- 1 frasco de cristal
- Panos de mesa de papel
- 1 pelota de pimpón
- Auga



1 Enche o barreño con auga. Introduce o pano de papel no fondo do frasco de cristal.



#### Agora podes experimentar

1 Coloca a pelota de pimpón na superficie da auga. Que ocorre?




2 Sitúa o frasco boca abaixo ata que toque o fondo do barreño.



Para non malgastar auga, é mellor que varios compañeiros e compañeiras compartades o barreño.



3 Levanta o frasco con coidado e observa que ocorre co pano.



4 Volve repetir o paso 2. Cando o frasco toque o fondo, inclínoo. Observa que ocorre.

5 Levanta de novo o frasco e observa como se atopa agora o pano.



Se se verte auga no chan, recóllea. Non corras pola aula co chan mollado, xa que poderías esvarar e caer.





## Que aprendizches?



1. A pelota de pimpón flota na auga?

2. Ao introducir o frasco, onde queda a pelota?

3. Como se atopa o pano tras o paso 3?

Seco.

Mollado.



4. Que hai no frasco para que o pano non se molle?

5. Que ocorre cando inclinas o frasco?

Nada.

A pelota de pimpón estala.

Saen burbullas de aire e entra a auga, mollando o pano.



6. Completa a conclusión coas seguintes palabras:

aire

auga

burbullas

todas

molle

O aire está en \_\_\_\_\_ partes.

O \_\_\_\_\_ do interior do frasco impide

que entre a auga e que \_\_\_\_\_ o papel.

Ao inclinar o frasco, saen \_\_\_\_\_

de aire, a \_\_\_\_\_ entra, fai subir a


pelota e molla o pano.

## Pílulas de ciencia

Moitos alimentos que se venden nas tendas veñen envasados ao baleiro. Isto quere dicir que se quitou o aire que contiña o envase.

Deste xeito consérvanse mellor as propiedades de olor e sabor dos alimentos.

Ademais, permite a súa conservación durante máis tempo, xa que impide que as bacterias que necesitan o aire para vivir, estraguen o alimento.



[www.tiching.com/766411](http://www.tiching.com/766411)